



## Veciñanza esixe a redacción dunha nova Ordenanza Fiscal que rebaixe o imposto do IBI

O recibo do IBI volveu sorprenden bruscamente aos veciños e veciñas de Cuntis este ano, que viron como este imposto se incrementou drasticamente outra vez. O malestar é absoluto e as queixas multiplicáronse nas últimas semanas. A presión fiscal que se soporta en Cuntis é desproporcionada e constitúe unha agresión ás economías familiares.

En decembro de 2013 o goberno do Partido Popular solicitou de maneira voluntaria unha revisión dos valores catastrais (incremento do 10%) que provocou unha importante subida do Imposto de Bens Inmóbles para os veciños e veciñas de Cuntis. Fíxoo acolléndose ao establecido na Lei 16/2013 que permitiu aos concellos solicitar voluntariamente a aplicación dos coeficientes de actualización dos valores catastrais que establecía a Lei de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2014. Esta suba permitía que no ano 2014 se puidera aplicar un tipo menor do imposto, pero a partir desda data os valores catastrais seguen incrementados e o resultado pódese comprobar no recibo deste ano.

Logo daquel incremento que xa causara un notable malestar, o Pleno do Concello aprobara, sen o apoio do PP, un acordo para redactar unha nova ordenanza fiscal do Imposto de Bens Inmóbles que incorporara as medidas legais pertinentes para suavizar a presión fiscal que padecen os veciños e veciñas de Cuntis. O Goberno de Pena fixo ouvidos xordos e mantivo sen variación esta ordenanza, sen importarlle a difícil situación económica que atravesamos.

Veciñanza considera que manter a carga impositiva que padecen os veciños e veciñas de Cuntis é unha agresión ás xa precarias economías familiares dun municipio que padece a taxa de paro máis elevada da comarca. O Partido Popular, tanto dende Madrid como dende Cuntis, cargou sobre os lombos da maioría os recortes en prestacións de servizos básicos e mailos incrementos na recadación impositiva.

**Veciñanza esixirarella ao goberno actual de Cuntis a redacción de novas ordenanzas fiscais para actualizar o pago de impostos á realidade actual e á prestación de servizos municipais, introducindo conceptos de verdadeira progresividade fiscal.** Sen que poidan diminuír os ingresos municipais, debe pagar máis quen máis teña e así poder rebaixar a presión sobre a maioría. Impulsaremos ordenanzas fiscais que introduzan as bonificacións que permite a lei para tratar de suavizar así a insensibilidade dos gobernos do PP e esixiremos ao actual goberno de Cuntis que de inmediato aborde esta prioridade, pois aféctalle directamente ás economías familiares.